

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: ALEGACIÓNS AO ANUNCIO DE SOMETEMENTO AO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA ÁS SOLICITUDES DUNHA CONCESIÓN DE AUGAS SUPERFICIAIS PARA A INSTALACIÓN DUN APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO RÍO TAMBRE, CONCELLOS DE BRIÓN, NEGREIRA, LOUSAME, ROIS E NOIA, A CORUÑA (AC/6/178), BOP A Coruña nº. 25 de 6 de febreiro de 2023.

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do proxecto da central hidroeléctrica reversible Tambre Sur nos municipios de Brión, Negreira, Lousame, Rois e Noia na provincia da Coruña, número de expediente: AC/6/178 e das solicitudes de concesión de augas para este, por medio do presente escrito presenta as seguintes **ALEGACIÓNS:**

I.- FALLA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO PROXECTO

Estamos ante un proxecto claramente especulativo e non se xustifica a súa necesidade no territorio de Galicia.


Estamos a falar por tanto da instalación dunha industria electrointensiva, que necesitará cantidades inxentes de enerxía para producir H2. Pero non só necesitará enerxía, senón que tamén precisará auga abundante. E as cantidades de auga que precisará son inxentes, tendo en conta que non basta con desviar un río para esta produción.

Ademais o proceso de electrólise é un proceso moi caro e as perdas de auga no proceso tamén son importantes. Para producir unha tonelada de hidróxeno precisaríanse ao redor de 20 toneladas de auga, incluídas as perdas que se producirían durante o proceso.

O marcado carácter especulativo do proxecto xustifícase pola necesidade de implantar unha planta de hidróxeno baseándose na necesidade de impedir o chamado “canibalismo enerxético”, é dicir, producir a perdas en momentos puntuais cando hai un excedente de enerxía eléctrica no mercado. Así para maximizar beneficios planifican unha industria electrointensiva.

As Directrices Enerxéticas 2018-2020 de Galicia expoñen para a enerxía eólica unha potencia instalada en 2020 de 4.122 MW, sendo a finais de 2019 a potencia instalada de 3.986 MW. En setembro de 2022 esta potencia está amplamente superada, polo que o proxecto só se xustifica desde un punto de vista especulativo.

- **AFECCIÓN SEVERA A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO E AFECCIÓN A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN**



Nombre del LIC Esteiro do Tambre

Código del LIC ES1110011


Nombre de la ZEPA

Código de la ZEPA

Superficie oficial ZEPA (ha) 0,00

Superficie oficial LIC (ha) 1.581,50

▪ **AFECCIÓN A ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES E A MASAS SOTERRADAS**




Cód. Masa de agua ES014MSBT014-007

Nombre masa de agua Tambre

Superficie (km2) 1.586,7601

Cód. Demarcación Hidrográfica ES014

Demarcación Hidrográfica GALICIA-COSTA



Cód. Temático ES014MSBT014-007

Esquema temático euProtectedAreaCode

Nombre Tambre

Fecha de designación 14/09/2012

Tipo de zona drinkingWaterProtectionArea


Nombre base legal Directive 2000/60/EC of the European Parliament

Link base legal [Ver link base legal](#)

Ámbito base legal european

Superficie (km2) 1.586,7601

- **AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN**



Código de la especie 6155
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
 Nombre de la especie Achondrostoma arcasii

Código de la especie 1352
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
 Nombre de la especie Canis lupus

Código de la especie 1088
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
 Nombre de la especie Cerambyx cerdo

Código de la especie 1172
 Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
 Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
 Nombre de la especie Chiglossa lusitanica

Código de la especie 1283
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Coronella austriaca*

Código de la especie 1194
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Discoglossus galganoi*

Código de la especie 1007
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Elona quimperiana*

Código de la especie 6284
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Epidalea calamita*

Código de la especie 1360
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Genetta genetta*

Código de la especie 5371
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Iberolacerta monticola*



Código de la especie 1259
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Lacerta schreiberi



Código de la especie 1355
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Lutra lutra

Código de la especie 1358
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Mustela putorius

Código de la especie 1321
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Myotis emarginatus

Código de la especie 1324
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Myotis myotis*

Código de la especie 1862
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Narcissus cyclamineus*



Código de la especie 6945
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Pelophylax perezii*

Código de la especie 1095
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Petromyzon marinus*

Código de la especie 5296
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie *Pseudochondrostoma duriense*

Código de la especie 1216
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Rana iberica



Código de la especie 1305
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Rhinolophus euryale

Código de la especie 1304
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Rhinolophus ferrumequinum

Código de la especie 1303
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Rhinolophus hipposideros

Código de la especie 1849
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Ruscus aculeatus

Código de la especie 1106
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Salmo salar

Código de la especie 1174
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238
Nombre de la especie Triturus marmoratus



identificar

Distribución de Aves Artículo 12 (periodo 2013-2018)

capa:
Distribución Aves Art 12 (2013-2018)

- Distribución Aves Art 12 (2013-2018)
- A053
- A110
- A118
- A226
- A269
- A283
- A289
- A342
- A349
- A381
- A483
- A620
- A676

mantener selección limpiar selección

Datum ETRS89 Proyección UTM 30N X: 25.563,07 Y: 4.748.561,69 1:125.000

Código de la especie A053
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula 10kmE279N238

Nombre de la especie Anas platyrhynchos

Código de la especie A110

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE279N238

Nombre de la especie Alectoris rufa

Código de la especie A118

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE279N238

Nombre de la especie Rallus aquaticus


Código de la especie A381

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA


Código de la Cuadrícula 10kmE279N238

Nombre de la especie Emberiza schoeniclus

▪ AFECCIÓN SEVERA A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO




Localización da toma superior a escasos metros do Rego das Vaquerizas e do Rego de Quarenza




CÓDIGO DE LA CUADRÍCULA	CÓDIGO DEL HÁBITAT	PRIORITARIO	DESCRIPCIÓN ESPAÑOL
29TNH14	1130	NO	Estuarios.
29TNH14	1140	NO	Llanos fangosos o arenosos que no están cubiertos de agua cuando hay marea baja
29TNH14	1310	NO	Vegetación anual pionera con Salicornia y otras especies de zonas fangosas o arenosas
29TNH14	1320	NO	Pastizales de Spartina (Spartinion maritimi).
29TNH14	1330	NO	Pastizales salinos atlánticos (Glaucopuccinellietalia maritima)
29TNH14	1420	NO	Matorrales halófilos mediterráneos y termoatlánticos (Sarcocornetea fruticosae)

29TNH14	3260	NO	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitricho-Batrachion
29TNH14	3270	NO	Ríos de orillas fangosas con vegetación de Chenopodion rubri p.p. y de Bidention p.p.
29TNH14	4020	*	Brezales húmedos atlánticos de zonas templadas de Erica ciliaris y Erica tetralix
29TNH14	4030	NO	Brezales secos europeos.
29TNH14	6220	*	Zonas subestépicas de gramíneas y anuales del Thero-Brachypodietea
29TNH14	6410	NO	Prados con molinias sobre sustratos calcáreos, turbosos o arcillo-limónicos (Molinion caeruleae)
29TNH14	6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino.
29TNH14	6510	NO	Prados pobres de siega de baja

			altitud (Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis).
29TNH14	8130	NO	Desprendimientos mediterráneos occidentales y termófilos.
29TNH14	8220	NO	Pendientes rocosas silíceas con vegetación casmofítica
29TNH14	8230	NO	Roquedos silíceos con vegetación pionera del Sedo-Scleranthion o del Sedo albi-Veronicion dillenii
29TNH14	91E0	*	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
29TNH14	9230	NO	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica.
29TNH14	9260	NO	Bosques de Castanea sativa.



Localización do pozo de conducción forzada. Afeción severa a afloramentos rochosos e ao núcleo da Graña



Localización SET Vértice 1 sobre hábitats de interés comunitario. Cómpre lembrar a obriga legal de manter os hábitats de interés comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afeción irreversible ou eliminación.

Código habitat 303049

Naturalidad 3

Porcentaje habitat 20%

Alianza Daboecion cantabricae
(Dupont ex Rivas-Martínez
1979) Rivas-Martínez,

Fernández-González & Loidi
1999

Especies
alianza

Alchemilla angustiserrata,
Carex asturica, Centaurium
scilloides, Cirsium
filipendulum, Daboecia
cantabrica, Erica ciliaris,
Erica mackaiana, Festuca
ovina subsp. hirtula, Festuca
paniculata subsp.
longiglumis, Laserpitium
prutenicum subsp.
doufourianum,

Nombre
fitosociológico


Brezal-tojal meso-xerófilo
termo-mesotemplado
galaico-portugues y galaico-
asturiano septentrional

Nombre
genérico

Brezal-tojales

Código UE
habitat

4030



Provincia A Coruña

Comunidad
Autónoma Galicia

Código habitat 823013

Naturalidad 2

Porcentaje
habitat 40%


Alianza Quercion pyrenaicae Rivas
 Goday ex Rivas-Martínez
 1965

Especies alianza Genista falcata,
 Physospermum
 cornubiense, Quercus
 pyrenaica.

Nombre
 fitosociológico Carballedas galaico-
 portuguesas

Nombre
 genérico Carballedas

Código UE
 habitat 9230



Id. 38884

Provincia A Coruña

Comunidad Autónoma Galicia

Código habitat 723031

Naturalidad 3

Porcentaje habitat 1%


Alianza Thero-Airion Tüxen &
 Oberdorfer 1958 em. Rivas-
 Martínez 1978

Especies alianza Aira caryophyllea subsp.
 multiculmis, Aira praecox,
 Apera interrupta, Cerastium


diffusum, Myosotis stricta,
Silene scabriflora subsp.
megacalycina, Spargula
morisonii, Veronica dillenii.

Nombre
fitosociológico Pastizales anuales
silicícolas cántabro-
atlánticos de Sedum
arenarium

Nombre
genérico Pastizales anuales



Detalle das coordenadas do Pozo da porta inferior con afección severa á bosque de ribeira e a bosque autóctono galego ou ancient Wood



Detalle das coordenadas da chimenea inferior con afección severa a hábitats de interés comunitario tipo breixeiras secas europeas e afloramentos rochosos. Afección severa ao núcleo da Graña e ás familias que viven no núcleo

II.- FALLA DE IDONEIDADE DA LOCALIZACIÓN ELEXIDA POLA PROMOTORA. AFECCIÓN SEVERA Á REDE NATURA 2000 E Á NECESARIA COHERENCIA DESTA

Galicia é un territorio de sacrificio e este colonialismo enerxético que se está a producir na periferia a favor dos países ricos do centro e norte de Europa vulnera de forma flagrante o principio de equidade territorial e de eficiencia e equidade na distribución das cargas entre os territorios.

As cargas ou os sacrificios da que chaman transición enerxética, que non ten nada de ecolóxica, non se está a realizar en base a unha distribución territorial equitativa e sostible.



Esteiro do Tambre, Rede Natura 2000

As instalacións atópanse a 243 m de distancia da ZEC Esteiro do Tambre. Así mesmo, todas as infraestruturas expostas localízanse sobre a Zona Protexida de Auga Potable poligonal Tambre.

A personalidade deste espazo está creada polo encontro entre mar e río, que reflicte unha extensa zona intermareal con grandes extensións de vexetación palúdica. Alberga densos bosques atlánticos, xunto con bosques de ribeira con amieiros, salgueiros, freixos, bidueiros, abeleiras, sabugueiros e carballos. Areas intermareais cheos de riqueza e extensos carrizais, colonizados por plantas acuáticas e xunqueiras, nun contorno de grande beleza. Hábitat de extensa e variada flora e fauna típica das marismas. Nesta zona concéntranse numerosas aves acuáticas, especialmente nos pasos invernales. As aves sedentarias máis comúns son a pita de auga, o somorgullo pequeno e o alavanco real, outras especies coas que nos podemos atopar: patos, garzas, gargetas, etc.. xunto con peixes, reptís, anfibios, mamíferos, insectos e numerosos seres microscópicos, que dotan o espazo dun hábitat excelente e de grande riqueza, para multitude de invertebrados e para a cría de peixes e moluscos.

- Rede Natura 2000: Esteiro do Tambre (ES1110011) e sistema fluvial UllaDeza (ES1140001).

- Rede galega de espazos protexidos: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) de Esteiro do Tambre e sistema fluvial Ulla-Deza

- Inventario galego de humedais: Esteiro do Tambre.

Esteiro do Tambre

- **Código ZEC**

ES1110011

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

Brión, Negreira, Noia, Outes, Porto do Son.

Superficie

1.582 ha.

Situación

Ao fondo da ría de Muros e Noia, internándose curso arriba polo tramo baixo do río Tambre. Localidades de referencia: Noia, Serra de Outes, Ponte Nafonso.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Esteiro do Tambre” de 1.581 ha.

Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1150β	Lagoas costeiras
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos


1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320	Pasteiros de <i>Spartina</i> (<i>Spartinion maritimi</i>)
1330	Pasteiros salinos atlánticos (<i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i>)
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas (<i>Sarcocornetea fructicosae</i>)
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130β	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2190	Depresións intradunales húmidas
2230	Dunas con céspedes do Malcolmietalia
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantise</i> de <i>Callitricho-Batrachion</i>
4020β	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230β	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxilo-limosos (<i>Molinion caeruleae</i>)
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i>)
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8330	Furnas mariñas
9180β	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Alosa alosa</i>
	<i>Euphydryas aurinia</i>	<i>Alosa fallax</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Macromia splendens</i>	<i>Salmo salar</i>
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Lutra lutra</i>

<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Myotis myotis</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>



Afección severa á necesaria coherencia da Rede Natura 2000

III.- O CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DA CENTRAL DE BOMBEO DO TAMBRE

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:

- a) o uso presente e aprobado da terra;*
- b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);*
- c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:*
 - i) humidaís, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,*
 - ii) zonas costeiras e medio mariño,*
 - iii) zonas de montaña e de bosque,*
 - iv) reservas naturais e parques,*

v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza doutros proxectos como os proxectos eólicos e liñas eléctricas de evacuación asociadas a estes.

III.- A NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.

Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede.

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

IV.- AFECCIÓN SEVERA AO ESCRIBANO PALUSTRE

O proxecto sitúase na área de presenza do Plan de recuperación do Escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.

O artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que:

"2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do periodo indicado.

O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que:

"A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto".

"Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.

A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndoas viables".

O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia indica:

“A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas”.

Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade.

No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar a dar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta (só son 3 de 198, segundo teñen denunciado repetidamente varias entidades ecoloxistas). Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. *“Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos”*, advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

En cumprimento da Directiva 2009/147/CE do Parlamento europeo e do Consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres e o Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia e o disposto no Anexo IV do mesmo referido ao calendario de actuacións, cómpre que se proceda á suspensión das avaliacións ambientais de todos aqueles proxectos industriais, plans e programas que poidan afectar á conservación da especie en tanto en canto non se proceda á determinación dos perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta ave en perigo de extinción e se garanta a conservación da especie e dos seus hábitats nun estado de conservación favorable.

Ver NOTA CIENTÍFICA “Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018” de Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

V.- AFECCIÓN SEVERA AOS VALES FLUVIAIS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO, AO RÍO TAMBRE E Á RIBEIRA DO TAMBRE

- | | |
|-----------------------------|-----------------------|
| 1) Rego das Vaquerizas | 5) Esteiro do Tambre |
| 2) Rego das Albarizas | 6) Portelo do Lago |
| 3) Rego de Quarenza | 7) Rego de Vilardante |
| 4) Rego de Bustos de Frades | 8) Regueiro do Aгриño |

- 9) Regueiro de Portocarro
- 10) Rego de Boi
- 11) Rego de Navallón
- 12) Regueiro da Cortella
- 13) Regueiro do Muíño Vello
- 14) Regueiro da Fonte Gatas
- 15) Rego de Fonte Fioxa
- 16) Afección severa ao val fluvial e cauce da Fonte do Viño
- 17) As Regueiriñas
- 18) Fonte da Graña
- 19) Fonte María
- 20) Fonte do Pato
- 21) Fonte de Lamas e Cabadiña

Afección severa á Pena da Moa, onde nace o Rego das Vaquerizas.

Afección severa ás Regueiriñas. Polígono 507 Parcela 1131REGUEIRIÑAS. BRION (A CORUÑA)

Afección severa ás Brañas, Polígono 507 Parcela 1158 BRAÑAS. BRION (A CORUÑA)


Afección severa á Fonte do Pato, Polígono 14 Parcela 898 FONTE DO PATO. BRION (A CORUÑA)

Afección severa á Fonte de Lamas e Cabadiña, Polígono 14 Parcela 685 FONTE DE LAMAS E CABADIÑA. BRION (A CORUÑA)


▪ RISCO DE ALTERACIÓN DA CAPA FREÁTICA DOS CAUCES PRÓXIMOS

A afección á capa freática como consecuencia das obras podería provocar inestabilidade destas e dos terreos colindantes con afección severa aos núcleos próximos.


Ademais unha alteración da capa freática podería prexudicar non só os acuíferos, tamén podería alterar os cauces próximos coa conseguinte repercusión nos vales fluviais e na Rede Natura 2000.



Detalle das Penas do Santo, o Rego da Albariza e o seu afluente das Penas das Lamas. Detalle do Rego de Quarenza e os seus afluentes, entre eles dous cauce innominado e o Rego de Bustos de Frades.



Afección severa ao Rego da Fonte Fioxa e Agro Muíño. Eliminación do Rego da Fonte da Fioxa



Afección severa ao Foxiño e ás Brañas



Esteiro do Tambre



☞ AFECCIÓN SEVERA AO ENCORO BARRIÉ DE LA MAZA

A toma de auga prevese na presa de Barrié de la Maza. O incremento de partículas en suspensión alterará o hábitat das especies e a calidade da auga. A seca prolongada afectou ao cauce mínimo deste río.

En canto ao almacenamento superior, proxéctase no val fluvial do Rego das Vaquerizas.

A liña eléctrica de interconexión entre a CHB Tambre e a SET Colectora Lousame sobrevoa varios cursos de auga en cinco puntos, destacando que os apoios se situarán de tal forma que non interfiran co libre fluxo da auga.

Así mesmo, a construción do almacenamento superior afectará de maneira directa a unha balsa, xa que se proxecta directamente sobre ela. O impacto ambiental sobre os recursos hídricos é severo e crítico.



Os principais problemas ambientais que se rexistran no leito do río Tambre veñen dados polo encoro Barrié de la Maza, que dende os anos 70 provocou a desaparición de especies migradoras como o salmón e a lamprea. Ademais, as augas do Tambre presentan uns niveis de pureza moi baixos, segundo un estudo encargado polo Club de Pesca Tambre á Estación Hidrobiolóxica do Con, debido en boa parte á contaminación provocada pola turbina da presa. O feito de que o río atravesase numerosos municipios de carácter rural, fai que as verteduras sexan outro dos seus maiores problemas neste ámbito, provocando o deterioro do seu curso.

Outro problema severo do río Tambre ten que ver coa seca prolongada:

<https://obarbanza.gal/2022/10/mantense-a-prealerta-por-escaseza-de-auga-nos-sistemas-do-rio-tambre-e-ria-de-muros-e-noia-ao-estar-baixos-os-niveis-dos-rios-e-dos-encoros/>

https://augasdegalicia.xunta.gal/novas?content=nova_estandar72033.html

VI.- O PROXECTO PREVÉ A ELIMINACIÓN DE IMPORTANTES AFLORAMENTOS ROCHOSOS

Os afloramentos rochosos, o hábitat natural das plantas rupícolas, son superficies xeomorfolóxicas recoñecidas como importantes centros de diversidade con comunidades únicas, niveis importantes de endemismos e presenza de especies raras.

VII.- DESTROZO DA LADEIRA DUN MONTE, DA RIBEIRA DO TAMBRE E DUNHA MONTAÑA PARA INSTALAR A CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE BOMBEO. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SEVERA, FRAGMENTACIÓN, PERDA DE BIODIVERSIDADE. XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO.

La función de la toma inferior es captar el agua a bombear y derivarla por la conducción de aspiración hacia la central, y devolver el caudal al embalse en modo turbinación. Para ello es necesario que la toma tenga una geometría adecuada y que disponga de los órganos de seguridad, protección y control que garanticen su adecuado funcionamiento.




Figura 3.3.14.2. Simulación 3D de la toma inferior
Fuente: Capital energy

FUNCIONAMIENTO DE UNA CENTRAL HIDROELÉCTRICA DE BOMBEO



As montañas albergan unha gran diversidade na súa flora e fauna. Aproximadamente, as montañas albergan máis da metade da diversidade biolóxica do mundo, así como o 30% das zonas crave da biodiversidade. Non só iso, as montañas tamén achegan un dos recursos máis valiosos do planeta: a auga.

Nunha época de cambio climático acelerado, de seca e de estrés hídrico o respecto ás montañas é crucial.

A FAO menciona a auga entre os grandes beneficios que recibimos das montañas, polo que se lles coñece como as torres de auga doce do mundo, xa que achegan o 60% ao 80 do líquido cristalino.

VII.- AFECCIÓN AOS VALOS TRADICIONAIS DE PEDRA E ÁS VÍAS PECUARIAS COMO GARANTES DA CONECTIVIDADE ECOLÓXICA

As vías pecuarias constitúen un extenso e valioso patrimonio natural e cultural que, a pesar da súa deterioración, segue prestando servizo ao tránsito gandeiro e contribuíndo á preservación da flora e fauna silvestres, e, potencialmente, pode resultar moi útil para o fomento dos usos turístico-recreativos e do desenvolvemento rural. As vías pecuarias son, por todo iso, de gran valor estratéxico na explotación racional de recursos naturais e na ordenación do territorio.

En efecto, a Lei 3/1995, do 23 de marzo, de vías pecuarias, manifesta no seu preámbulo que "a rede de vías pecuarias [máis de 100.000 km. repartidos por toda a xeografía peninsular] segue prestando un servizo á cabana gandeira nacional que se explota en réxime extensivo [700.000 cabezas lanares, 100.000 vacinas e outras, en réxime trashumante/trastermitante], con favorables repercusións para o aproveitamento de recursos pastables infrautilizados [máis de 1.000.000 Has. marxinais], para a preservación de razas autóctonas [varias delas en transo de desaparición]; tamén han de ser consideradas as vías pecuarias como auténticos corredores ecolóxicos, esenciais para a migración, a distribución xeográficas e o intercambio xenético das especies silvestres", e así o recoñece o R. Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (art. 7).

VIII.- TRANSFORMACIÓN PAISAXÍSTICA SEVERA. ELIMINACIÓN DE VALES FLUVIAIS, VAGUADAS E AFLORAMENTOS ROCHOSOS



Prevese a eliminación de vaguadas e de afloramentos rochosos. Falla de caracterización dos mesmos.

IX.- ELIMINACIÓN DE VÍAS DE COMUNICACIÓN QUE UNEN AS ALDEAS



Eliminación de estradas en prexuízo das comunidades locais afectadas

X.- FEÍSMO PAISAXÍSTICO: PRESENCIA DE OUTRAS LIÑAS ELÉCTRICAS DE EVACUACIÓN E CENTRALES HIDROELÉCTRICAS. FRAGMENTACIÓN DA PAISAXE E DOS HÁBITATS. XERACIÓN DE “ILLAS BIOLÓXICAS”.

Afección a paisaxes identitarias e simbólicas para as familias que viven e residen nos núcleos afectados como as Penas do Santo, as Penas das Lamas, o Travadoiro, o Lavandoiro, o Camiño Obscuro, a Ribeira do Tambre, as Penas Tallantes, a Costoira (530 metros), o Monte do Castelo, o Marco do Coto...etc.

En canto á paisaxe, as Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP).

Están delimitadas no Catálogo das Paisaxes de Galicia, e inclúen os espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de Ordenación do Litoral (POL).

- Río Tambre (Outes e Noia)

Outros proxectos presentes na área de afección do proxecto:

Nome do Proxecto	Promotor	Concello
A.H. Tambre-Pie de presa	Unión Eléctrica FENOSA	Brión
Parque eólico Olerón	Norvento, S.L.	Brión; Rois
Liña de alta tensión a 220 kV dende a subestación de Lousame ata a subestación de Mazaricos, Subestación 220 kV Lousame, Liña de alta tensión a 220 kV de entrada/saída dende a subestación de Lousame ata liña a 220 kV entre Tambre e Santiago e Liña de alta tensión a 220 kV dende a subestación de Lousame ata a subestación de Tibo	Red Eléctrica de España (REE)	Lousame; Rois; Brión; Padrón; Teo; Estrada, A; Valga; Cuntis; Caldas de Reis; Mazaricos; Outes; Negreira
Proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas, nos	Green Capital Power, S.L. (CIF: B85945475).	de Mazaricos, Brión, Lousame, Negreira, Outes e Rois

<p>concellos de Mazaricos, Brión, Lousame, Negreira, Outes e Rois (expediente IN408A 2020/144).</p> <p>ACORDO do 5 de outubro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Maragouto e Banzas, nos concellos de Mazaricos, Brión, Lousame, Negreira, Outes e Rois (expediente IN408A 2020/144), DOG Núm. 198, de 14 de outubro de 2021</p>		
Parque eólico Marco	Brión	

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento das solicitudes dunha concesión de augas superficiais para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Tambre, concellos de Brión, Negreira, Lousame, Rois e Noia, A Coruña (AC/6/178), BOP A Coruña nº. 25 de 6 de febreiro de 2023. O proxecto afecta de forma severa á Rede Natura 2000 e á necesaria coherencia desta. A afección esténdese a un conxunto de cauces, vales fluviais con risco de alteración da capa freática a consecuencia das obras. Ademais a afección é particularmente severa para as especies catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción e aos hábitats prioritarios e de interese comunitario. O impacto prevese severo e persistente no tempo en consoancia coa vida útil da instalación e afecta a Zonas protexidas de augas potables e a masas de auga soterradas.

2.- Non se ten en conta a función de descarbonización que realiza o monte galego nin a súa importante función social. A importancia da lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os montes como reservorios e depósitos de fixación de carbono e a función social do monte foi obviada. Non se xustifica a necesidade dunha infraestrutura semellante no Esteiro do Tambre.

3.- O proxecto elimina unha vaguada, a ladeira dunha montaña, afecta á ribeira e á canle do río Tambre, afecta a varios vales fluvias e cauces, elimínase unha estrada, elimínase a funcionalidade actual e potencial das vías pecuarias ou camiños tradicionais e non ten en conta a importancia da rede de camiños e vías pecuarias como corredores ecolóxicos esenciais para a migración, a distribución xeográficas e o intercambio xenético. Existe unha afección severa a especies en perigo de extinción e afección severa para a necesaria coherencia da Rede Natura 2000.

A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EsIA, facendo necesario valorar outras alternativas.

4.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e o Goberno de Madrid, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres

que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social ao proxecto da central hidroeléctrica de bombeo tambre (327,62 mw do ciclo turbinado) e da súa infraestrutura de evacuación nos municipios de Brión, Negreira, Lousame e Rois, na provincia da Coruña, número de expediente: 20220623, e os demais proxectos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interés dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos industriais que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Debera abrirse previamente un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto da central hidroeléctrica reversible e da súa infraestrutura de evacuación nos municipios de Brión, Negreira, Lousame, Rois e Noia, na provincia da Coruña aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

5.- A excesiva fragmentación dos ecosistemas e a falla de avaliación do impacto sobre o lobo ibérico afecta de forma severa ao seu hábitat, tendo en conta que o lobo atópase estritamente protexida. A corta de matogueira que se leva a cabo nas obras de construción afecta aos puntos de encame e puntos de encontro da especie. Tras a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, todas as poboacións de lobo (*Canis lupus*) están incluídos na “Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial” recollido no Real Decreto 139/2011.

Ademais da afección a especies vulnerables e en perigo de extinción, existe unha afección severa a hábitats prioritarios e de interés comunitario. Existe a obriga de manter estes últimos nun estado de conservación favorable. As infraestruturas proxectadas afectan de forma severa a hábitats que deberán manterse nun estado de conservación favorable e non proceder a súa afección irreversible ou eliminación.

O impacto ambiental é inasumible, severo e moi crítico.

6.- A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

O impacto ambiental é inasumible, severo e moi crítico. A afección a hábitats de interés comunitario é severa e irreversible posto que se prevé a súa eliminación e a transformación radical dos usos do chan.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal dos humedais ubicadas na área de afección do proxecto.

Existen unha serie de humedais afectados polos proxectos e que foron obviados no documento de inicio ou anteprojecto. Non se garante por tanto a necesaria conectividade ecolóxica lonxitudinal e transversal dos ecosistemas nin a necesaria coherencia da Rede Natura 2000. A afección aos humedais non garante a existencia de corredores ecolóxicos nin a permeabilidade dos ecosistemas, dos hábitats e as especies que os habitan.

A densidade das infraestruturas existentes e previstas na área de implantación dos proxectos descritos implica un risco claro de xerar “illas biolóxicas”, derivado da fragmentación excesiva dos hábitats e sin garantir a necesaria permeabilidade ecolóxica.

7.- Teña a esta parte como persoa interesada no presente expediente e dése acceso á documentación relativa á liña de evacuación de enerxía do proxecto da central hidroeléctrica de bombeo tambre (327,62 mw do ciclo turbinado) e da súa infraestrutura de evacuación nos municipios de Brión, Negreira, Lousame e Rois, na provincia da Coruña, número de expediente AC/6/178, BOP A Coruña nº. 25 de 6 de febreiro de 2023.

Brión, 19 de febreiro de 2023

Asdo.-_____